


O MIÑO

O Miño é vello e é tristeiro:
Sempre vai mudo e vai senlleiro.
No Inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
E o vello Miño sempre vai calado.



Manuel María, Terra Cha

Cantos versos ten o poema?

Escribe as tres parellas de palabras que riman.

..... e

..... e

..... e



Para Manuel María, como é o Miño?

.....

.....

Que ríos pasan por Pobra?

.....

Pensa nun destes ríos e escribe algo sobre el (como é, que che fai sentir...)

.....

.....

AS FESTAS DO NAZARENO



Le o seguinte poema de Manuel María e contesta as preguntas.

O FOGUETE

O foguete sobe ó ceo

como un raio.

Perde forza e cae ó chan

nun desmaio.

¡O foguete chega ás nubes!

¡Que bravura!

¡Que de estalos! ¡Que ruído!


¡Pouco dura!

Mais a cana do foguete

cae de plano.

¡Que aguillada de xoguete!

¡Que galano!



1. Cantas estrofas ten o poema?

.....

2. Cantos versos ten o poema?

.....

3. Escribe tres parellas de palabras
que rimen.

..... con

.....con.....

.....con.....

4. Atopas alguna relación entre o
poema e as festas do Nazareno?

Cal?


.....

.....

5. Agora fai un debuxo sobre o poema ou escribe unha das estrofas cambiando as palabras que riman. Tamén podes facer as dúas actividades.

GALICIA

Nos seguintes temas de Sociais imos estudar Galicia: a paisaxe, a poboación, os traballos...
Para comezar, leremos este poema de Manuel María.



Galicia docemente
está ollando o mar;
iten vales e montañas
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,
cidades e labregos
icargados de traballos,
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
ina voz da gaita rise,
na voz da gaita choral!

Galicia é o que vemos:
a terra, o mar, o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:
a xente e maila fala
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!

1.- Cantas estrofas ten o poema?

2.- Cantos versos ten o poema?

3.- Busca as rimas no poema:

mar e

lagregos e

soñadora e

vento e

fala e

4.- Busca na poesía e copia os dous versos que falan do relevo:

.....
.....

5.- Que traballos aparecen?

.....
.....

6.- Cal é o instrumento musical típico de Galicia?

.....

7.- Explica coas túas palabras os dous primeiros versos da terceira estrofa.

.....
.....